# Pazo de Medín / Casa de Porto Outeiro



**Lugar:** Porto Outeiro | **Parroquia:** Medín | **Coordenadas:** 42º54'18.8"N 008º20'56.8"W.

**Accesos:** Pola N-634 dirección Curtis, cóllese por un desvío á man dereita que leva ata o lugar de Medín, onde se sitúa o pazo.
**Clasificación:** Pazo
**Época:** Século XVIII
**Contorna:** Rural
**Uso:** Privado
**Material orixinal:** Pedra
**Grao de protección:** Catálogo Normas Subsidiarias Provinciais
**Valoración do recurso:** Atractivo local
**Grao de utilización:** Privado
**Sinalización:** Non

**Material Estado de conservación**
**Xeral:** BO
**Fábrica:** Pedra BO
**Carpintería:** BO
**Revocos:** NON PROCEDE
**Aleiros:** BO
**Cerraxería:** NON PROCEDE
**Cuberta:** BO
**Outros:** NON PROCEDE
**Estrutura:** BO
**Interior:** NON AVALIADO



Pazo de construción sinxela que presenta un único escudo na fachada. A antigüidade do escudo data do século XVIII e nel pódense observar o brazo armado de Vilardefrancos, a árbore e as estacas dos Leis, o lobo dos Moscoso e a torre de Pardiñas ou Riobó. A construción aparece pechada por un alto balado. Os antigos moradores, de nobre procedencia, son reemprazados na actualidade por labradores.

No interior da leira pódese contemplar un cabazo de grandes dimensións e un pombal construído a finais do século XVI por Pedro Rey do Barral. O apelido Rey estaría sempre vinculado á historia da casa.

O edificio é de estilo barroco. Fábrica de pedra de cantería de granito nas partes nobres. Edificio de dúas plantas. Planta baixa con saeteiras da zona de almacéns. Planta nobre con seis fiestras marqueadas e con peitoril de pedra de cantería. No centro escudo dos Rey. Posúe unha capela de estilo

barroco de planta rectangular. Presbiterio indiferenciado. Fábrica de mampostería revocada con pedra de cantería de granito pizarroso nas partes nobres. Sinxela porta con marqueado. Espadana de cantería pizarrosa sinxela con remates de pináculos e balaústres. É todo un

conxunto formado por unha leira de grande extensión con prados e granxa, a casa-pazo, de planta rectangular con empaque a pesar da súa sinxeleza. Capela acaroada á mesma polo seu lado norte, monumental hórreo e fermoso pombal. Emprazamento de grande beleza.